



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana

Expediente núm.: **1698/2025**

Anuncio de aprobación inicial no BOP

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal Reguladora

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº5-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de setembro de 2025, aprobou provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº5 reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana nos seus artigos nº1, nº2, nº3, nº4, nº5, nº6, nº7, eliminado o artigo nº8 e modificando a disposición derradeira.

De conformidade co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente respectivo nas dependencias municipais e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://mugardos.sedelectronica.gal>].

No caso de que non se presenten reclamacións entenderanse definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto das modificacións aprobadas no BOP para a súa entrada en vigor.

Mugardos, a 22 de setembro de 2025.

A concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica, do Concello de Mugardos (Decreto 2023-0615 de 26/06/2023).

Ana María Varela Bastida.

2025/6167